



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

En relación coa axuda económica solicitada e dar cumprimento ao establecido no artigo 6, apartado 2.4, da Orde do 17 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas a habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da CC.AA. de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2019, redactouse a seguinte:

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### ENCADRE DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NAS LIÑAS SUBVENCIONABLES

Vistas as liñas subvencionables establecidas no artigo 3.1. da mencionada Orde de Convocatoria nas que, entre outras existe unha específica para "c) infraestruturas viarias, tanto de acceso como interiores ao parque empresarial", os Concellos de Cambados e Ribadumia ó abeiro do Convenio asinado en data 08/02/2019, constituiron unha agrupación aos efectos de solicitar unha axuda económica para levar a cabo as obras de "DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO DE O SALNÉS, CAMBADOS-RIBADUMIA (beirarrúas, pavimentación e sinalización", redactándose a tal efecto un proxecto, polo Enxeñeiro de Camiños, D. Gabino Grande Toro, que ascende a un total importe de 138.000,00 € (Ive incluído), remitido xunto coa solicitude.

## XUSTIFICACIÓN

Os concello de Cambados e Ribadumia de maneira coordinada e conxunta, deciden aproveitar os recursos procedentes da convocatoria da Consellería de Economía, Emprego e Industria para levar a cabo a dotación de determinadas infraestruturas dentro da área industrial de O Salnés, co obxecto de mellorar o entorno industrial, favorecendo o desenvolvemento do traballo e a implantación das empresas.

A razón pola que os dous concellos deciden acollerse aos beneficios desta convocatoria, fundaméntanse en que as zonas industriais dos dous concellos forman na realidade unha area industrial conxunta e que as obras que se proxectan manteñen unha continuidade entre as zonas que pertencen aos dous concellos. Ademais xa existe unha asociación conxunta de empresarios do Polígono de O Salnés.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300011A1100K8Q6E9O9C3H9 en la Sede Electrónica de la Entidad

#### FIRMANTE - FECHA

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 11/02/2019  
CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 11/02/2019  
11:07:47

EXPEDIENTE :: 2019315  
19000015  
Fecha: 08/02/2019  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO  
GENERAL





ILMO. CONCELLO  
de

**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

**DESGLOSE DOS INVESTIMENTOS POR CONCELLOS INVESTIMENTO TOTAL DOS  
CONCELLOS DE RIBADUMIA E CAMBADOS**

<b>INVESTIMENTO TOTAL DOS CONCELLOS DE CAMBADOS E RIBADUMIA</b>					
<b>Investimento</b>	<b>Orzamento sen IVE</b>	<b>IVE 21%</b>	<b>Orzamento total</b>	<b>Axuda 80%</b>	<b>Aportación Mnpal 20%</b>
<b>DOTACIÓN INFRAESTRUTURAS POLÍGONO SALNÉS</b>	109.249,59	22.942,41	132.192,00	105.753,60	26.438,40
<b>HONORARIOS TÉCNICOS</b>	4.800,00	1.008,00	5.808,00	4.646,40	1.161,60
<b>TOTAIS .....</b>	114.049,59	23.950,41	138.000,00	110.400,00	27.600,00
Observación (*): O IVE é subvencionable					

<b>DESGLOSE DE INVESTIMENTOS EN CAMBADOS Porcentaxe 63,4926%</b>					
<b>Investimento</b>	<b>Orzamento sen IVE</b>	<b>IVE 21%</b>	<b>Orzamento total</b>	<b>Axuda solicitada 80%</b>	<b>Aportación Cambados 20%</b>
DOTACIÓN INFRAESTRUTURAS POLÍGONO SALNÉS	69.365,56	14.566,77	83.932,33	67.145,86	16.786,47
HONORARIOS TÉCNICOS	3.047,52	639,98	3.687,50	2.950,00	737,50
Totais.....	72.413,08	15.206,75	87.619,83	70.095,86	17.523,97

<b>DESGLOSE DE INVESTIMENTOS EN RIBADUMIA Porcentaxe 36,5074%</b>					
<b>Investimento</b>	<b>Orzamento sen IVE</b>	<b>IVE 21%</b>	<b>Orzamento total</b>	<b>Axuda solicitada 80%</b>	<b>Aportación Ribadumia 20%</b>
DOTACIÓN INFRAESTRUTURAS POLÍGONO SALNÉS	39.884,03	8.375,64	48.259,67	38.607,74	9.651,93
HONORARIOS TÉCNICOS	1.752,48	368,02	2.120,50	1.696,40	424,10
Totais.....	41.636,51	8.743,66	50.380,17	40.304,14	10.076,03

**SITUACIÓN**

As obras a realizar localízanse nas parroquias de Oubiña (Cambados) e Cabanelas (Ribadumia) e, en concreto, no denominado Polígono Industrial de O Salnés.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300011A1100K8Q6E9O9C3H9 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 11/02/2019  
CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 11/02/2019  
11:07:47

EXPEDIENTE :: 2019315  
19000015  
Fecha: 08/02/2019  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO  
GENERAL





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## TITULARIDADE E PLENA DISPOSICION DOS TERREOS

Ditas obras executaranse sobre terreos de titularidade municipal de ambos Concellos, concorrendo a plena dispoñibilidade ao non existir limitacións para uso pretendido.

Así mesmo, de conformidade co estipulado na Cláusula 5ª. 2 do Convenio asinado co Concello de Cambados, este porá a disposición do de Ribadumia, "...os terreos libres de cargas e gravames, con carácter temporal, e mentres dure a realización das obras.

Así mesmo asumirá a realización das xestións pertinentes antes os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias correndo cos gastos que xeren.= De conceder a preceptiva licenza de obra para proceder á realización do investimento..."

## OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN ACADAR

O obxecto do proxecto presentado é o de definir as obras a realizar para a mellora das infraestruturas do conxunto do Polígono Industrial do Salnés.

A actuación basease fundamentalmente na mellora da capa de rodadura de dous viais dos polígonos de Cambados e Ribadumia, o Vial 1 que mais tráfico ten no concello de Cambados e o Vial Rúa da Horta, unha saída moi transitada do polígono de Ribadumia, cun tráfico moi intenso pola situación da Planta de Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos.

Nesta mesma Rúa da Horta, correspondente ao Concello de Ribadumia, é preciso a construción de varios tramos de novas beirarrúas, así como a pavimentación de dúas zonas para aparcamentos para mellorar as infraestruturas deste tramo de rúa.

Con estas obras mellorase sensiblemente o entorno industrial, mellorando as infraestruturas do Polígono de O Salnés, favorecendo o desenvolvemento industrial da zona.

## CRITERIOS DE VALORACIÓN

### 1.- Superficie Parque Empresarial

Superficie parque m2 CAMBADOS: 285.968  
Superficie parque m2 RIBADUMIA: 300.000  
TOTALIZAN: 585.968 M2



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300011A1100K8Q6E9O9C3H9 en la Sede Electrónica de la Entidad	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE :: 201931519000015</b>
	DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 11/02/2019 CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 11/02/2019 11:07:47	Fecha: 08/02/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

## 2.- Nivel de ocupación Parque Empresarial:

Número de empresas instaladas en Cambados: 56  
Número de empresas instaladas en Ribadumia: 30  
TOTALIZAN: 86

## 3. Poboación dos Concellos en que se atopa o Parque Empresarial:

Poboación do Concello de Cambados: 13.814 habitantes  
Poboación do Concello de Ribadumia: 5.069 habitantes

## 4.- Tipoloxía do investimento:

Orzamento do proxecto: 138.000,00 euros  
Axuda solicitada: 110.400,00 euros  
Aportacións municipais: 27.600,00 euros

## 5.- Tipoloxía d) infraestructuras viarias:

O acotado das obras que se levan a cabo nos diferentes viais, reflexase sobre o eixe de cada vial e calculase tendo en conta o solape das obras que se levan a cabo polas dúas marxes. Tendo en conta o exposto, obtéñense os resultados que figuran nas táboas seguintes.

CONCELLO DE CAMBADOS :

LONXITUDE OBRAS CAMBADOS		
CAMBADOS	VIAL 1	VIAL ENLACE
LONXITUDE TOTAL VIAL	380m	30 m
BEIRARRUA ESQUERDA		21 m
CUNETA		16 m
PAVIMENTACIÓN	380 m	30 m
PINTURA VIAL (maior)	380 m	30 m

**TOTAL LONXITUDE VIAIS CAMBADOS : 410 m.**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300011A1100K8Q6E9O9C3H9 en la Sede Electrónica de la Entidad

### FIRMANTE - FECHA

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 11/02/2019  
CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 11/02/2019  
11:07:47

EXPEDIENTE :: 2019315  
19000015  
Fecha: 08/02/2019  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO  
GENERAL





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

CONCELLO DE RIBADUMIA:

LONXITUDE OBRAS RIBADUMIA	
	RUA DA HORTA
LONXITUDE TOTAL VIAL	350 m
BEIRARRUA DEREITA	123 m
BEIRARRÚA ESQUERDA	14 m
APARCAMENTO DEREITA	44 m
APARCAMENTO ESQUEREDA	110 m
BIONDA	75 m
PAVIMENTACIÓN	350 m
PINTURA VIAL (maior)	375 m

**TOTAL LONXITUDE VIAIS RIBADUMIA: 350 m**

## 6.- Agrupación de Concellos

6.1. Por presentación conxunta: Ribadumia e Cambados

6.2.a. Nº de municipios: 2

6.2.b. Nº de habitantes: 18.883.

6.2.c. Nº de servizos: Tendo en conta que os traballos efectuaranse nos viais do Polígono, veranse afectados os accesos as naves industriais. A organización do traballo farase de maneira parcial, afectando soamente a un marxe do vial e mantendo a posibilidade de circulación polo resto do vial, coa sinalización adecuada.

En ningún caso se producirá o corte total do acceso a os viais do polígono

Non se afecta ningún tipo de liña de telefonía nin de electricidade.

## 6.3. Aforro de custos respecto da prestación de modo individual:

Estímase que, a rebaixa que supón un incremento do presuposto das obras (ao ser compartido) nos baremos de aplicación de honorarios de redacción de proxecto, dirección das obras e coordinación de seguridade e saúde, implica un importante aforro en comparación co que suporía a prestación destes traballos individualmente.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300011A1100K8Q6E9O9C3H9 en la Sede Electrónica de la Entidad

### FIRMANTE - FECHA

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 11/02/2019  
CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 11/02/2019  
11:07:47

EXPEDIENTE :: 2019315  
19000015  
Fecha: 08/02/2019  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO  
GENERAL





ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Por outra banda, existe un aforro na tramitación administrativa coa conseguinte optimización de recursos, toda vez que se encarga unicamente o Concello cabeceira dos trámites de solicitude, contratación e xustificación do investimento.

É de ter en conta que, canto máis alto sexa o presuposto de licitación maior será a competencia entre as empresas para concorrer a súa adxudicación, e polo tanto maior serán as baixas sobre o prezo establecido, co conseguinte aforro para as administracións contratantes.

8.- Concello acollido á iniciativa "Concellos Doing Business Galicia":

Tanto o Concello de Ribadumia como o Concello de Cambados contan coa a credtación de "Concello emprendedor" dentro da iniciativa Concellos Doing Business Galicia"

Ribadumia, 8 de febreiro de 2019



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300011A1100K8Q6E9O9C3H9 en la Sede Electrónica de la Entidad	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE :: 2019315</b>
	DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 11/02/2019 CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 11/02/2019 11:07:47	19000015 Fecha: 08/02/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

